

TEMA 6. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL.

A Iª Guerra Mundial (28/7/1914-11/11/1918) foi un conflito anunciado ó longo de moitos anos, todos consideraban que era inevitable, pero ninguén foi capaz de prever a súa magnitude e as súas consecuencias.

6.1. Causas.

Entre os múltiples factores ou causas que influíron no desencadeamento da guerra podemos destacar:

- **A escalada da competencia imperialista polo control de mercados coloniais** que derivou en graves conflitos: incidente de Fashoda de 1898, guerra ruso xaponesa de 1905, crises marroquís de 1905 e 1911, guerras balcánicas de 1911 e 1913. E fundamental o abandono da *realpolitik* bismarckiana en favor da *weltpolitik* de Guillermo II de Alemaña
- **O incremento da desconfianza e das rivalidades diplomáticas entre os estados** que derivan en pactos secretos e na configuración dos dous bloques: **Tripla Alianza** (Alemaña, Austria-Hungría e Italia) e **Tripla Entente** (Francia, Gran Bretaña e Rusia). Entre as rivalidades claves resaltan as de: Alemaña/Francia, Alemaña/Gran Bretaña, Austria-Hungría/Rusia.
- **As múltiples tensións das reivindicacións nacionalistas.** A exaltación nacional e patriótica e a lexitimación do recurso ás armas para impoñer os obxectivos nacionalistas favoreceron a aparición de conflitos provocados polas minorías nacionais, que buscaban liberarse da dominación dos imperios plurinacionais (caso dos polacos, checos, croatas, bosnios, serbios) ou provocados polos estados, que buscaban expandirse (caso de Alemaña, Italia, Austria-Hungría ou Rusia).
- **A actitude militarista dos gobernos.** Os gobernantes consideran que o progreso e a seguridade dos seus estados depende do potencial militar dos seus exércitos e invisten enormes cantidades de ingresos públicos en gastos de armamento, que teñen que xustificar con propaganda patriótica. Os políticos liberais defenden a inevitabilidade dun grande conflito e os socialistas (II Internacional) organizan protestas contra o armamentismo e a favor da irmandade internacional dos obreiros.

En 1914 existía unha clara conciencia de vivir nun **contexto de paz armada**, o feito do asasinato en Saraxevo de Francisco Fernando, o herdeiro ó trono Austro-húngaro, por un nacionalista serbio chamado Gavrilo Princip, foi unha mera circunstancia ou escusa que desbordou as tensións nunha guerra.

6.2.1. Extensión.

A extensión da guerra, desde un atentado na península balcánica a un conflito planetario, foi motivada pola complexa rede de alianzas, ententes e compromisos públicos e secretos que teceran entre si os estados europeos.

Inicialmente a guerra enfrontou a Austria-Hungría (co apoio de Alemaña, derivado da Tripla Alianza) contra Serbia (co apoio de Rusia. A entrada de Rusia na guerra obriga a Francia e a Gran Bretaña, pola Tripla Entente.).

Os dous bandos, ó longo da guerra, presionan ós países neutrais para que lles presten apoio, isto provoca a extensión do conflito, xa que:

- **Os imperios centrais** (Alemaña e Austria–Hungría) arrastran ó Imperio Turco e a Bulgaria.
- **Os aliados** (Serbia, Rusia, Francia e Gran Bretaña) arrastran a Romanía, á propia Italia e mais tarde a Grecia así como Xapón e Estados Unidos.

Tamén se estendeu o conflito os territorios coloniais, sobre todo de África e Oriente Próximo, que acabaron por tomar parte directa ou indirectamente na guerra posto que as colonias ofrecían a posibilidade de obter soldados, recursos económicos e man de obra, que resultaban claves para aguantar nas fronteiras de batalla.

A guerra afectou a navegación marítima xa que Gran Bretaña optou por un bloqueio comercial os barcos alemáns e Alemaña respondeu, en 1915, cunha **guerra submarina** contra os barcos comerciais dos aliados e, en 1917, ampliou a guerra submarina incluso os barcos dos países neutrais.

6.2.2. Duración.

Cando se desatou a guerra, no verán de 1914, todos imaxinaban unha guerra corta e de movementos rápidos pero, xa no inverno, quedaba claro que ía ser longa e estática, posto que os exércitos pasaron a tratar de estabilizar as súas posicións escavando liñas de trincheiras: na fronte occidental (o longo da fronteira franco-alemana) e na fronte oriental (o longo da fronteira rusa).

Durante 1915, 1916 e parte de 1917 os exércitos permaneceron inmóbiles nas liñas de trincheiras das fronteiras tratando de conservar a súa posición, esperando que as dificultades para recibir subministrados, o cansazo físico, a miseria e a fame rompesen a resistencia psicolóxica do inimigo favorecendo así a deserción de soldados e as protestas pacifistas de cidadáns contra os xefes militares e os gobernantes. O malestar foi crescendo especialmente en Rusia .

Pero, avanzado xa o ano 1917, certos feitos cambiaron o rumbo da guerra:

- **A solicitude unilateral de armisticio de Rusia ou URSS a Alemaña (Tratado de Paz de Brest-Litovsk de 1918** Rusia perde o control sobre numerosos territorios): os gobernantes bolxeviques, tras alcanzar o poder coa Revolución Soviética, deciden retirar os seus soldados da fronte oriental..causando un grave malestar nos seus aliados da Tripla Entente e grande satisfacción en Alemaña e Austria-Hungría. Alemaña reagrupa o seu exercito na fronte occidental tratando de romper a liña de trincheiras dos aliados.
- **A decisión dos EE.UU. de abandonar a súa postura neutral e intervir na guerra**: os estadounidenses desexan o fin da guerra e a vitoria aliada para poder cobrar os enormes préstamos concedidos os estados europeos dos dous bandos optan por intervir en contra de Alemaña tomando como escusa que, a decisión de Alemaña de ampliar a guerra submarina os barcos dos países neutrais (afundimento do Lusitania), que mantivesen relacións comerciais cos estados da Tripla e ntente, prexudicaba os intereses dos estadounidenses, así como o telegrama Zimmermann. Os EE.UU. presionan a Alemaña no Atlántico e na fronte occidental. apoiando a Gran Bretaña e Francia .
- **A decisión de Xapón de aumentar a presión sobre as colonias de Alemaña na costa asiática do Pacífico**: Xapón debilita a Alemaña e favorece a Gran Bretaña e Francia.

No ano 1918, o potencial industrial-armamentístico e os soldados de refresco dos EE.UU contrarrestaron o éxito de Alemaña fronte a Rusia e favoreceron o remate rápido do conflito. Gran Bretaña, Francia e Italia derrotan ós turcos en Oriente Próximo e ós búlgaros e os austrohúngaros na península Balcánica (o Imperio otomán, Bulgaria e o imperio Austrohúngaro admitiron a derrota e solicitaron armisticios) e, ademais, lograron a retirada progresiva dos alemáns cara o seu país, pero sen chegar a derrotalos. **En Alemaña os motíns de protesta dos soldados e o intento de revolución socialista, imitando a dos soviéticos en Rusia, levaron ós xefes militares a suxerir o emperador a necesidade de pactar un armisticio cos aliados.** O emperador decide abdicar e os novos gobernantes republicanos, os socialdemócratas, optan por solicitar o fin da guerra ou

armisticio. Os aliados, tras o fin da guerra, reuníranse en París para pactar as condicións dos tratados de Paz cos vencidos.

6.2.3. Innovacións técnicas na Guerra.

A Grande Guerra ou Primeira Guerra Mundial tivo como novidades:

- **A enorme mobilización de soldados (sesenta millóns)** que obrigou ós estados a decretar a reorientación dos sistemas produtivos, co obxectivo de abastecer a tan desproporcionados exércitos de armamentos, roupa e alimentos e de cubrir as necesidades básicas dos cidadáns. Os estados deciden intervir na economía e favorecer a **incorporación das mulleres os postos de traballo** deixados vacantes polos homes alistados no exercito.
- **O fracaso total dos estratexas militares dos dous bandos** que planificaron unha guerra de movementos (rápida) e acabaron empantanados nunha guerra de posicións (lenta). Os xefes militares dedícanse a improvisar solucións inútiles (tentar romper liñas de trincheiras, crear fronte de guerra secundarias nos balcáns e Oriente Próximo). Finalmente limitanse a esperar, agachados nas trincheiras, o desgaste económico, físico e psicolóxico do inimigo.
- **A importancia das trincheiras no emprego de armamento:** o uso dos fusís de repetición e das metraladoras obrigou a abandonar os combates a campo aberto polas trincheiras e o combate en trincheiras provocou o emprego de granadas, minas e gases tóxicos (gas mostaza). A incompetencia estratéxica e tecnolóxica dos mandos militares alongou a guerra. Levounos incluso a atrasar o emprego dos tanques e dos avións de recoñecemento ata case o fin da guerra sen conseguir convertelos en armas determinantes.

Pero a gran novidade foi a de converterse na primeira **guerra total** posto que a estratexia dos dous bandos acabou sendo asfixiar os recursos económicos básicos do inimigo e provocar a deserción nas fronte de batalla e a desmotivación da poboación civil (empregando bloqueos comerciais, bombardeos sobre cidades, panfletos propagandísticos, etc): a Iª Guerra mundial converteuse nun conflito de proporcións descoñecidas, que afectou tanto os combatentes como a poboación civil (deixando profundas feridas tanto físicas como psíquicas) ou ás infraestruturas de comunicacións e produtivas.

.

6.3. A organización da paz: os tratados e a sociedade de nacións.

A organización da paz, na posguerra da Iª Guerra Mundial, estivo determinada por certas posturas claves marcadas polos intereses diverxentes dos vencedores:

- **Italia** esperaba lograr o control dos territorios irredentos e unha posición dominante no Adriático a costa de Austro-Hungría e dos Eslovenos, Serbios, Croatas.
- **Gran Bretaña** aspiraba a quedarse coas colonias dos alemáns en África e dos turcos en Oriente próximo, pero sobre todo non quería favorecer o engrandecemento de Francia ou o debilitamento excesivo de Alemaña. O importante para os británicos era asegurar mercados para exportar a costa dos intereses de Francia.
- **Francia** quería recuperar Alsacia e Lorena e que os alemáns pagasen a súa reconstrución. O importante para os franceses era debilitar ao máximo a Alemaña e lograr ingresos para reforzar as liñas defensivas, en previsión dun posible desquite (a costa dos intereses de Gran Bretaña).
- **Xapón** esperaba nos acordos recibir as posesións coloniais dos alemáns en China e illas do Pacífico reforzando a súa expansión imperialista (a costa dos intereses dos EEUU no Pacífico).

- EEUU pretendía que se lograsen uns acordos estables para que, tanto a vencedores como a vencidos, devolveran os préstamos recibidos durante a guerra e que fixeran as mínimas concesións territoriais a Xapón (a costa dos intereses expansionistas de Italia e de Xapón e das pretensións de humillar a Alemaña de Francia).

6.3.1 Os tratados de paz.

A organización da paz levouse a cabo na **Conferencia de París (1919)**, que tiña como obxectivo xeral restablecer a paz en base a elaboración e aprobación dunha serie de tratados. A tal efecto reuníronse os representantes de trinta e dous estados. Pero as discusións e decisións importantes leváronse a cabo entre os gobernantes dos estados vencedores (Estados Unidos, Gran Bretaña, Francia, Italia e, as veces, Xapón), os estados vencidos non foron admitidos a participar.

As negociacións da Paz inspiráronse nos principios recollidos nun documento, que presentou o presidente americano (pouco antes de acabar a guerra), coñecido como **os 14 puntos de Wilson**. Neste texto Wilson propuña que a futura paz debía contemplar:

- O dereito dos pobos a dispoñer de si mesmos.
- A defensa dos principios democráticos.
- A igualdade entre estados.
- A liberdade para navegar e comerciar.
- A renuncia os pactos e alianzas secretas.
- A negativa á guerra en favor das solucións consensuadas.

Pero os desexos de aproveitarse da vitoria provocaron que certas potencias vencedoras fixeran valer os seus intereses económicos, defensivos e territoriais en contra dos propios principios propostos por Wilson e dos intereses dos vencidos.

As grandes potencias vencedoras optaron por elaborar un tratado de paz distinto para cada potencia vencida:

- **Tratado de Versalles (1919)**: elaborado para concretar as condicións que desexaban impoñerlle a Alemaña, entre as que cabe destacar:
 - **A cesión de territorios** que debe entregar a Francia (Alsacia e Lorena), a Bélxica, a Dinamarca, a Polonia (terras na costa do mar Báltico), a Xapón (as colonias no Pacífico). Debe deixar libre o porto de Dantzig, no Báltico, así como ceder o control sobre as terras mineiras do Sarre, no Rin, á Sociedade de Nacións aceptando igualmente a prohibición do *Anschluss* ou unión con Austria: **humillación territorial**.
 - **A redución brutal do seu poder militar** ó prohibírselle ter aviación, mariña e case todo o exército; ademais de ter que admitir a existencia de certas zonas ocupadas por exércitos dos aliados e outras desmilitarizadas: **humillación militar**.
 - **A reparación dos danos da guerra** posto que ó ser considerada responsable de ter iniciado a guerra debería reparar economicamente a destrución sufrida polos vencedores: **humillación económica**.

Este tratado, ademais de recoller a tripla humillación de Alemaña (*territorial, militar e económica*), propón a idea de resolver os conflitos parlamentando e, para logralo, introduce a creación da **Sociedade de Nacións**.

Alemaña contempla con impotencia como triúnfan os intereses de Francia fronte ós de Gran Bretaña e EEUU, que non apostan pola humillación. Moitos alemáns pasan a vivir baixo outros estados e Alemaña entra nunha profunda crise económica.

- **Tratado de St. Germain (1919)**: Neste tratado os aliados recollen as condicións de paz que desexan impoñer a Austria. Cabe destacar:

- A aceptación de independencia de múltiples territorios (Hungría, Checoslovaquia, Polonia e reinos dos eslavos do sur ou Iugoslavia) e da prohibición de unirse a Alemaña.
- A cesión de territorios a Italia, Checoslovaquia, Polonia, Romanía, Iugoslavia.
- A redución do exército.
- A obriga de pagar reparacións.

Austria perde o seu esplendor de gran Imperio para converterse nun pequeno estado asfixiado económica e politicamente.

- **Tratado de Trianon (1920):** Neste tratado os aliados recollen as condicións que debe aceptar Hungría. Destacan:
 - A aceptación de separarse de Austria e constituírse como estado independente.
 - A cesión de territorios a Checoslovaquia, Iugoslavia, Romanía.
 - A redución do exército.
 - A obriga de pagar reparacións.

Hungría ten que admitir que moitos dos húngaros vivan baixo o goberno doutros estados veciños.

- **Tratado de Neuilly (1920).** Neste tratado os aliados obrigan ós búlgaros a aceptar:
 - A cesión de territorios a Iugoslavia, Grecia e Romanía.
 - A redución do exército.
 - A obriga de pagar reparacións.

Supón unha forte humillación para os búlgaros que perden unha parte do territorio a favor dos seus veciños.

- **Tratado de severs (1920).** Con este tratado os aliados pretenderon impoñer ós turcos:
 - A obriga de admitir a libre navegación polos estreitos de Dardanelos e Bósforo, protexida polo exército aliado.
 - A cesión de territorios no Oriente Medio a Gran Bretaña, Francia, Grecia e Italia.

Pero o malestar dos turcos leva a unha revolta contra o sultán e os novos gobernantes (Atatürk) rexeitan o tratado e conseguen renegociar a paz: **Tratado de Lausana**, no que logran non ter que ceder terras ós gregos, nin que aceptar a presenza de tropas estranxeiras nos estreitos.

Este conxunto de **tratados da Conferencia de París**, unido ó **Tratado de Brest-Litovsk**, implican unha profunda e radical transformación do mapa europeo, pois confirmaron a desaparición de tres Imperios (Ruso, Austro-Húngaro e Turco) e a aparición de múltiples novos estados sobre todo nas costas do Báltico, en centro Europa e nos Balcáns.

Este novo mapa nuns casos xurde como resposta ó principio de que cada pobo debe gobernarse a si mesmo (**dereito de autodeterminación**) ou principio de nacionalidade, como propuña Wilson, (caso da aparición das repúblicas bálticas, de Polonia, dos reinos de Serbia, Croacia, Eslovenia) ou en clara contradición co principio de nacionalidade (caso dos recortes territoriais sufridos por Alemaña, Austria e Hungría e caso da creación de Checoslovaquia ou de Iugoslavia) sendo isto clave a hora de comprender as tensións que levarán a Segunda guerra mundial.

6.3.2 A Sociedade de nacións.

A Sociedade de nacións é un dos resultados da Conferencia de París e unha das pretensións básicas do presidente dos EEUU. O presidente Wilson logra que os europeos acepten crear un instrumento que teña como obxectivo básico impedir outra guerra, a base de fomentar a resolución dos conflitos

conforme ós principios do Dereito internacional desterrando as alianzas e os pactos secretos e a carreira armamentística para así poder velar pola paz e a seguridade colectiva dos estados.

Pero o obxectivo de velar por manter a paz e facer valer os tratados acabou sendo algo inalcanzable, debido a decisión dos fundadores de obrigar a tomar as súas decisións por unanimidade (dificultando toda toma de decisións) e de negar o ingreso na Sociedade de nacións de países claves como Alemaña (por ser considerada causante da guerra) e a URSS (por ser considerada traidora ós aliados), e a decisión dos EEUU de non participar nos asuntos internacionais. A S.D.N. naceu débil e sempre gozou de pouco prestixio.

A incapacidade deste organismo para asegurar a solución pacífica dos conflitos resultou patente na década de 1930, cando todos os estados iniciaron unha nova fase de alianzas, pactos secretos e unha acelerada carreira armamentística que desembocou na II Guerra Mundial.

6.4 As consecuencias económicas, políticas e sociais da guerra.

A guerra de 1914-1918 alterou radicalmente as estruturas económicas, as posturas políticas e as relacións sociais herdadas do liberalismo ata o punto de entrar en crise os conceptos de Estado liberal e de economía libre de mercado ou capitalista.

Entre as **consecuencias económicas** da guerra cabe destacar:

- a) **Unha forte caída demográfica** que supuxo 8,5 millóns de mortos, 7 millóns de incapacitados e 15 millóns de feridos entre os soldados e máis de 5 millóns de mortos entre os civís e ademais 13 millóns de nenos nonatos polo tanto o conflito supuxo, sobre todo en Alemaña, Austria, Italia e Rusia un tremendo impacto demográfico
- b) **A destrución e perda de capital** derivada da estratexia de destruír centros de produción, infraestruturas e vías de comunicación para debilitar ó inimigo, dentro dun marco de guerra total
- c) **A perda de importancia económica dos países europeos** que centran todos os esforzos en destruírse e ceden o control comercial e financeiro do Atlántico norte ós EEUU (superpotencia) e da costa asiática do Pacífico a Xapón
- d) **A aparición dun modelo económico alternativo ó modelo capitalista liberal**, posto que o triunfo de Revolución rusa de 1917 permitiu ós dirixentes da URSS ensaiar a implantación dun modelo de economía socialista, con base no control do estado sobre a propiedade.
- e) **A grave carga das débedas dos estados europeos implicados na guerra** que non atoparon suficientes ingresos para devolver os créditos solicitados e entraron en crise económica.
- f) **A espectacular inflación nos prezos dos produtos básicos** posto que as dificultades, para reconverter a industria de guerra en industria de consumo, non permitan cubrir a demanda de produtos elaborados (demandábase mais do que se lograba ofertar).
- g) **O desaxuste dos sistemas monetarios provocado pola desaparición do patrón ouro** que derivou en dificultades para o comercio internacional pola inseguridade sobre o valor das moedas.

- h) **A sobreproducción en certos sectores de algúns estados (Ámerica latina)** porque, ó acabar o conflito, non atoparon compradores para as exportacións de produtos agrícolas, mineiros e industriais antes orientadas ó mercado da guerra.

Entre as **consecuencias políticas** provocadas pola guerra destacan:

- A desaparición dos grandes imperios (Alemán, Austro-Húngaro, Ruso e Otomán ou Turco) e a aparición de grande número de novos estados (Finlandia, Estados Bálticos, Polonia, Checoslovaquia, Iugoslavia,...).
- A tendencia a instaurar estados (republicanos ou monárquicos) de carácter liberal parlamentario
- .- A ampla difusión do dereito ó sufraxio universal masculino e o inicio da **legalización do sufraxio feminino** (sufraxio universal total) como consecuencia da masiva **incorporación da muller ao traballo** para substituír a man de obra que estaba na fronte de combate.
- O auxe de movementos antidemocráticos como a instauración dun réxime socialista, en parte dos territorios do antigo imperio ruso no fin da guerra (a URSS dos Bolxeviques), e a instauración dun réxime fascista en Italia, na posguerra (a Italia de Musolini) que cuestionan o sistema liberal
- A guerra acelera á vez a expansión das ideas liberais e o propio descrédito do modelo de Estado liberal parlamentario, con base na Constitución e na pluralidade de partidos políticos pois a incapacidade dos políticos liberais para dar respostas ás novas situacións derivadas da guerra alimentan a tendencia das persoas a buscar alternativas en propostas totalitarias marxistas ou fascistas.

Entre as **consecuencias sociais** destacan:

Entre os grupos beneficiados polas demandas da guerra e a inflación dos prezos da posguerra están os empresarios, os terratenentes e os campesiños medios e entre os prexudicados están a mediana e pequena burguesía e os traballadores.

As tensións sociais derivaron en crispación, movementos de axitación social e conatos de revolución, que contaban co apoio dos traballadores e sobre todo dos ex-combatentes integrados en potentes organizacións sindicais e organizacións políticas.

Os grupos sociais tenden a buscar protección e reaccionan apostando por actitudes ideolóxicas moi diverxentes:

- **A nobreza e o clero**, rexeitan as modificacións impostas pola guerra e toman unha postura inmovilista apostan polos movementos tradicionalistas e finalmente polo propio fascismo.
- **A burguesía**, entra nunha fase de desconcerto como clase social, posto que a propia crise do sistema liberal e da economía de mercado cuestiona a súa estabilidade como grupo social dominante.
- **O proletariado**, opta por radicalizar as súas reclamacións afiliándose a sindicatos e participando en folgas e revolucións alentados polo triunfo da revolución rusa.
- **O campesiñado**, toma posturas ambiguas, posto que unhas veces aposta por apoiar o tradicionalismo da nobreza e o clero e outras acaba por participar en revoltas lideradas polos anarquistas

Polo tanto a grande guerra podemos considerala como unha grande catástrofe que arrasa ou desestabiliza todas as bases dos modelos económico, político e social, pero ademais afectou os fundamentos das correntes de pensamento, arte e literatura herdadas do século XIX. A guerra converteu en caduco, inadecuado ou inservible a grande parte dos modelos e referentes do pasado.